
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 6 DE MARZO DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se autoriza a adscrición do Centro de Estudos Superiores Universitarios de Galicia, S.L. (CESUGA) á Universidade Privada "San Jorge", e a posta en funcionamento para o inicio de actividades universitarias oficiais.
- Decreto polo que se dispón o cesamento de Manuel Fernández de Sousa-Faro como presidente do padroado do Centro Galego de Arte Contemporánea.
- Decreto polo que se dispón o cesamento de Sofía María de la Soledad Santos Pérez como vicepresidenta do padroado do Centro Galego de Arte Contemporánea.
- Decreto polo que se nomea presidenta do Padroado do Centro Galego de Arte Contemporánea a Sofía María de la Soledad Santos Pérez.
- Decreto polo que se nomea vicepresidente do padroado do Centro Galego de Arte Contemporánea a Luis Sirvent López.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o contrato de xestión da Axencia Galega de Infraestruturas. 2014-2015.
- Acordo polo que se dispón a remisión ao Parlamento de Galicia da memoria de control das directrices de ordenación do territorio de Galicia, en cumprimento do previsto no artigo 11 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a implantación dun programa de educación dixital en Galicia, para o período 2014-2017.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT), para contribuír ao financiamento dun servizo social comunitario específico de atención temperá a nenos/as con discapacidade e ás súas familias, cun importe total de douscentos vinte e cinco mil euros (225.000,00 euros).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe ao Consello da Xunta de Galicia sobre o estado de situación dos plans de avaliación de entidades dependentes da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre atención a pacientes polimedicados. Informe 2013.



A XUNTA DE GALICIA AUTORIZA A ADSCRICIÓN DO CENTRO PRIVADO UNIVERSITARIO CESUGA Á UNIVERSIDADE SAN JORGE (ARAGÓN)

- *O Consello Galego de Universidades xa emitira informe favorable o pasado mes de febreiro*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe na súa reunión semanal a autorización da adscrición do Centro de Estudos Universitarios Superiores (CESUGA) á Universidade San Jorge, da Comunidade de Aragón. Desta forma dáse o visto e praxe ao informe favorable do pasado mes de febreiro emitido polo Consello Galego de Universidades, que votou tamén a favor da autorización para o inicio de actividades tras a adscrición, unha vez presentados os documentos precisos.

Así, o CESUGA queda desadscrito da Universidade de Dublín, á cal estaba vinculado ata o momento, da man da que leva impartindo titulacións universitarias na Coruña desde 1995, e que neste momento imparte a de Dirección e Administración de Empresas e a de Arquitectura.

Normativa de referencia

A posibilidade de adscrición dun centro universitario a unha universidade privada está recoñecida actualmente no artigo 11 Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei 4/2007, na cal se dispón que, no caso dun centro privado que se adscriba a unha universidade privada para impartir títulos oficiais, o convenio de adscrición requirirá a aprobación da comunidade autónoma, por proposta da universidade. Así mesmo, especificácase que se o centro adscrito se sitúa en distinta comunidade autónoma da sede da universidade, deberá contar tamén coa aprobación da comunidade en que se sitúa o centro.

Así mesmo, a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, establece no seu artigo 23.3 que “a integración de centros universitarios de titularidade privada nunha universidade privada deberá ser recoñecida polo Consello da Xunta, logo de informe do Consello Galego de Universidades”. A autorización de hoxe dá cumprimento a esas dúas disposicións legais.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS NOMEAMENTOS DA PRESIDENTA E VICEPRESIDENTE DO PADROADO DO CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

O Consello da Xunta de Galicia aprobou este xoves os nomeamentos de Sofía Santos Pérez e Luis Sirvent López como nova presidenta e vicepresidente, respectivamente, do padroado do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC). A médica e profesora da Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela (USC), Sofía Santos Pérez, foi nomeada en substitución de Manuel Fernández de Sousa-Faro.

Sofía Santos, que desde hai tres anos desempeñaba o cargo de vicepresidenta do Padroado, é doutora en Medicina e Cirurxía, adxunto clínico de Otorrinolaringoloxía no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, profesora titular da Facultade de Medicina, e na actualidade dirixe o Departamento de Dermatoloxía e Otorrinolaringoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

A nova presidenta é unha persoa vinculada desde hai moitos anos á arte contemporánea a través do coleccionismo e de ter comisariado e impartido conferencias, así como pola súa participación en convocatorias, xornadas e debates sobre a relación entre arte e medicina.

Doutra banda, Luis Sirvent, empresario vinculado ao deseño, ademais de coleccionista de arte, puxo en marcha numerosas iniciativas para a divulgación da arte en Galicia, labor en que sempre amosou un grande apoio aos artistas máis novos do panorama galego actual.

Con estes nomeamentos quíxoselle dar un impulso ao padroado do CGAC ao elixir perfís cunha vinculación importante á arte contemporánea e que demostraron en ambos os casos un alto compromiso na súa difusión e desenvolvemento.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN DE XESTIÓN DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS, QUE MOBILIZARÁ 460 MILLÓNS DE EUROS ATA O ANO 2015

- *O documento marca os obxectivos estratéxicos e operativos, así como os indicadores de resultado que definirán o seu grao de cumprimento*
- *Permitirá o avance en vías de alta capacidade como a variante de Noia, Tui-A Guarda, Sarria-Monforte e Celeiro-San Cibrao ou a rotonda de Sabón*
- *A conservación de estradas e as actuacións de seguridade viaria seguirán sendo prioritarias*
- *O Goberno galego continuará co esforzo para diminuír as modificacións nas obras, evitando o encarecemento das infraestruturas a través dun maior control das incidencias*
- *Desde o ano 2009, o Goberno galego puxo en servizo 133 quilómetros de vías de alta capacidade. Entre 2014 e 2016, a Xunta ten previsto poñer en servizo outros 56 quilómetros de VAC*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o contrato de xestión para o período 2014-2015 da Axencia Galega de Infraestruturas. Trátase do segundo documento de planificación que elabora este departamento dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, xa que o contrario anterior (2012-2013) perdeu a súa vixencia, que ten por obxectivo regular a actividade da Axencia.

Con base no modelo de xestión, a Axencia xestionará un orzamento de 460 millóns de euros nos próximos dous anos para a execución e o avance de obras como a variante de Noia, as vías de alta capacidade Tui-A Guarda, Sarria-Monforte e Celeiro-San Cibrao, a rotonda de Sabón e reforzos de firme nas estradas da Xunta de Galicia que máis o precisan, desde unha visión global das necesidades da rede de estradas da Comunidade Autónoma de Galicia (RAEGA), como por exemplo a rehabilitación da estrutura da estrada Cachafeiro- Vilapouca e o reforzo de firme na estradas LU-124 ou a reparación da ponte do Seilán, así como para avanzar nos proxectos do desdoblamento do Corredor do Morrazo.

É un modelo de xestión que persegue o cumprimento de obxectivos claros, medibles e orientados á mellora na prestación dos servizos, e que ten como resultado un mellor aproveitamento dos recursos públicos e un correlativo maior grado de satisfacción dos cidadáns.

Defínense un total de 4 obxectivos estratéxicos, 15 obxectivos operativos e 29 indicadores de resultados.



Os obxectivos estratéxicos son:

1. Exercer de forma eficiente as competencias de planificación e programación en materia de estradas.
2. Optimizar a construción de novas infraestruturas viarias e a mellora das existentes como instrumento fundamental para o desenvolvemento económico da nosa Comunidade, conservar en estado adecuado as existentes e velar pola súa defensa.
3. Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios. Cómpre sinalar o carácter transversal da seguridade viaria en todo o proceso de xestión da rede de estradas, que afecta desde a propia planificación, proxección, construción e explotación, nun proceso cíclico que se vai nutrindo do resultado e da análise dos estadios anteriores.
4. Mellorar o funcionamento e a calidade dos servizos da Axencia.

Así mesmo, a cada obxectivo estratéxico correspóndelle unha serie de obxectivos operativos cuantificados en 15, dos cales destacan 6 como prioritarios:

- I. Mellorar a eficiencia e a eficacia en materia de planificación de estradas
- II. Harmonizar a protección da Rede Autonómica de Estradas de Galicia coa ordenación urbanística das súas marxes
- III. Garantir a conservación da RAEG como medio imprescindible de asegurar o patrimonio viario e evitar a súa degradación, así como a vialidade invernal
- IV. Actuar en treitos de concentración de accidentes (TCA), co obxecto de reducir o número e a gravidade dos sinistros
- V. Reducir a perigosidade da RAEG
- VI. Reducir as desviacións orzamentarias positivas no desenvolvemento das infraestruturas

A Axencia tamén marca un total de 29 indicadores para analizar o grao de cumprimento dos plans de xestión, entre os cales destaca a porcentaxe de redución das incidencias orzamentarias positivas (modificacións que implican un incremento orzamentario) no desenvolvemento das infraestruturas con respecto ao máximo do anterior plan.

Seguimento do ano 2013

Ao longo do pasado ano, a Axencia Galega de Infraestruturas cumpriu un 81,82% dos indicadores prioritarios no contrato de xestión 2012- 2013 e, en xeral, deuse cumprimento ao 77,78% dos indicadores totais.

A modo de exemplo, realizáronse case 11.500 quilómetros de segas, repintáronse case máis de 3.800 quilómetros de marcas viarias, renováronse máis de 3.600 sinais verticais e retiráronse un total de 483 carteis de obras xa rematadas.



Con respecto ás vías de altas prestacións, no ano 2013 puxéronse en servizo un total de 31,49 Km (Autovía de Celanova, variante de Ortigueira, Vía Ártabra, treito 1) polo que a evolución de VAP da Xunta de Galicia queda da seguinte maneira:

EVOLUCIÓN KMS VAPS EN SERVICIO GALICIA

		1989	1999	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
XUNTA DE GALICIA (sen desdobramentos)	km totais en servizo	0,00	103,28	223,91	234,76	258,70	312,58	344,24	374,50	396,21	413,66	445,15
	Incremento acumulado (%)	-	-	117%	127%	150%	203%	233%	263%	284%	301%	331%

Previsións

Desde o ano 2009 o Goberno galego puxo en servizo 133 quilómetros de vías de alta capacidade. Entre 2014 e 2016, a Xunta ten previsto poñer en servizo outros 56 quilómetros de VAC, entre os cales destaca a terceira rolda (enlace das Lonzas), a VAC Tui-A Guarda, a variante de Noia, a VAC Sarria-Monforte ou a VAC da Costa Norte, treito Celeiro-San Cibrao.

GALICIA, PRIMEIRA COMUNIDADE EN AVALIAR A INCIDENCIA DAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO, CUXA MEMORIA SERÁ REMITIDA AO PARLAMENTO NO MES DE MARZO

- *O documento conclúe que se están a desprezar medidas e instrumentos sectoriais destinados a lograr a harmonización e o desenvolvemento das cidades e a previr a urbanización difusa, especialmente no rural*
- *A aplicación das DOT e o seu grao de incidencia resúmese en que ata o de agora permitiron orientar instrumentos de planificación territorial con influencia no 12% da superficie de Galicia e no 56,21% da poboación.*
- *O Plan de ordenación do litoral e os 14 plans xerais aprobados dentro dos criterios das Directrices abarcan unha superficie na cal residen máis de 1,5 millóns de persoas*
- *Aprobáronse 27 expedientes de escala territorial e natureza sectorial baixo os criterios das DOT, dos cales 3 son plans sectoriais e 24 proxectos sectoriais*
- *No marco das DOT estase a impulsar o Plan de transporte metropolitano de Galicia e tramitando o Plan sectorial de aparcadoiros disuasorios*
- *O Instituto de Estudos do Territorio está a desenvolver a Estratexia da Paisaxe de Galicia. En breve presentarse a Guía de boas prácticas de intervencións nos núcleos rurais e a Guía de boas prácticas de intervención en sistemas praia-duna*
- *O IGVS está a elaborar o Plan sectorial de ordenación das áreas empresariais baixo os principios das directrices, xunto co Rexistro de demandantes de solo empresarial, o Plan de vivenda de Galicia ou o Plan estratéxico de rehabilitación de Galicia 2014-2016*

O Consello da Xunta, reunido esta mañá, foi informado do contido da primeira Memoria de control das directrices de ordenación do territorio, elaborada polo Instituto de Estudos do Territorio despois de dous anos de traballo por parte dos 17 grupos técnicos interdepartamentais creados para este fin. O paso dado hoxe é previo á remisión do documento ao Parlamento, que se formalizará en vindeiras datas. A Xunta de Galicia avanza deste modo cara á xestión responsable e dinámica do territorio, ao ser a primeira comunidade autónoma en avaliar o grao de incidencia das DOT, das cales xa se cumpriron 3 anos de vixencia.

A pesar de que a propia natureza estratéxica do modelo territorial establecido nas directrices require dun intervalo de tempo amplo para que os efectos previstos poidan aflorar, dos datos manexados pódese afirmar que, segundo a memoria, nos tres anos que levan en vigor estanse a tomar decisións acordes cos criterios das DOT. Tamén se están a desprezar medidas e instrumentos sectoriais destinados a lograr a harmonización e o desenvolvemento das cidades e a previr a urbanización difusa, especialmente no rural.



A aplicación das DOT e o seu grao de incidencia resúmese en que ata o de agora permitiron orientar instrumentos de planificación territorial con influencia no 12% da superficie de Galicia e no 56,21% da poboación.

GRAO ADAPTACIÓN ÁS DOT EN 3 ANOS					
INSTRUMENTOS		SUPERFICIE		POBOACIÓN	
		HA	PORCENTAXE	Nº HABITANTES	PORCENTAXE
Plans territoriais integrados	1 POL	215.359 ha	7,25 %	1.228.740	45,09%
Plans sectoriais	3	11,5 ha	0,013%		
Proxectos sectoriais	24	386 ha			
PXOM	14	137.647 ha	4,65 %	307.777	11,12
TOTAIS		353.403,5	11.91	1.536.517	56,21%

A eficacia das directrices de cara á sustentabilidade establécese en función das liñas estratéxicas establecidas no plan de seguimento.

Instrumentos de ordenación e planificación

Para as DOT, a consecución do sistema de cidades Galicia, cidade única require lograr un adecuado equilibrio territorial. Para avanzar na consecución desta coherencia estase a traballar nos instrumentos de ordenación territorial e de planificación urbanística. No que se refire aos plans e proxectos sectoriais, cabe indicar a aprobación, no marco das DOT, de 27 expedientes de escala territorial e natureza sectorial. Destes, 3 corresponden a plans sectoriais e 24 a proxectos sectoriais.

No que se refire aos plans e proxectos sectoriais, cabe indicar a aprobación de 27 expedientes de escala territorial e natureza sectorial no marco das DOT. Destes, constan 3 plans sectoriais e 24 proxectos sectoriais. Destes últimos, 2 refírense a dotacións: Proxecto sectorial do novo hospital de Pontevedra e Proxecto sectorial de usos recreativos do Campus Científico do Mar na ETEA; 9 teñen índole enerxética; 7 refírense a parques empresariais e 6 responden a diversa índole.

En relación aos PXOM, con data desta memoria aprobáronse 14 en desenvolvemento das DOT: Cortegada, Muíños, Leiro, Irixoa, Abegondo, Verín, Mesía, A Coruña, A Estrada, Xunqueira de Espadanedo, Aranga, A Pastoriza, Vilamartín de Valdeorras e Monterrei, o que supón o 4,6% da superficie total de Galicia e o 11,02% da súa poboación. Cómpre lembrar que 160 plans xerais están en tramitación, en diferentes fases, o que significa o proceso de adaptación aos criterios de sustentabilidade das DOT en máis da metade dos concellos de Galicia.

Pola súa banda, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) está a elaborar o Plan sectorial de ordenación das áreas empresariais baixo os principios das directrices, xunto co Rexistro de demandantes de solo empresarial, o Plan de vivenda de Galicia ou o Plan estratéxico de rehabilitación de Galicia 2014- 2016.

Fortalecer os núcleos tradicionais e o litoral

Un dos criterios básicos da sustentabilidade, segundo o establecido nas DOT, é crecer desde o existente, respectando a súa singularidade e valorizando aqueles ámbitos como o litoral sometidos a presións de diversa natureza. O Plan territorial integrado do litoral de Galicia – POL representa resposta inequívoca a este criterio reitor.

Consecuencia directa da aprobación do POL é a necesidade de reformular uns 180 ámbitos de desenvolvemento no litoral desde a óptica da sustentabilidade, que obriga á preservación dos recursos non renovables e ás intervencións con criterios de integración paisaxística. En aplicación do POL aprobáronse tres plans especiais de infraestruturas. Cómpre sinalar tamén que, tal e como prevía o Plan de ordenación do litoral, se está a rematar a Guía de boas prácticas de intervención en sistemas praia-duna (en fase de edición) e o Plan director da senda dos faros (en fase de elaboración). Así mesmo, desde a aprobación do POL, emitíuse informe sobre máis de 828 expedientes en materia de paisaxe.

Pola súa banda, a Axencia de Turismo de Galicia elaborou o Mapa de Xeodestinos, e desenvolveu os produtos cabeceira de marca turística e itinerarios ao longo do noso territorio.

Mobilidade e comunicacións

Nas DOT, as infraestruturas son elementos estratéxicos enmarcadas nas políticas impulsoras do transporte colectivo. Neste sentido, a Xunta está a redactar a Lei de mobilidade, que potencia as alternativas diferenciadas, singularmente para os espazos de baixa densidade. Tamén continúa impulsando o Plan de transporte metropolitano de Galicia e tramitando o o Plan sectorial de aparcadoiros disuasorios.

Considéranse modos sustentables de mobilidade todos aqueles que minimizan os problemas ambientais, sociais e económicos do uso exclusivo do vehículo privado motorizado. Os modos alternativos de mobilidade (a pé e en bicicleta) acadan unha porcentaxe próxima ao 20%. Actuacións como o Plan director de mobilidade alternativa de Galicia, os plans metropolitanos e a propia concienciación cidadá, irán na procura de prever os espazos e as dotacións necesarios para os modos de transporte e mobilidade procurando a intermodalidade e a diminución do uso masivo e case exclusivo do automóbil privado.



Desde a Axencia Galega de Infraestruturas aprobouse a Lei de estradas de Galicia e estanse a redactar instrumentos en coherencia con esta liña, como o Plan sectorial da rede viaria de Ourense.

Reequilibrio territorial

A cohesión territorial da Comunidade require de medidas e accións que permitan frear o despoboamento, garantindo un nivel de renda adecuada e unhas dotacións de servizos para o rural galego. Neste eido, a Consellería do Medio Rural e do Mar está a executar o Plan de desenvolvemento rural. Ao mesmo tempo, estase a redactar o Plan de desenvolvemento rural para 2014-2020.

Augas de Galicia e Conservación da Natureza tamén están a participar na elaboración do Plan territorial integrado da bacía do río Eume.

Paisaxe

O Instituto de Estudos do Territorio está a desenvolver a Estratexia da Paisaxe de Galicia, que sinala as liñas mestras para a elaboración dos instrumentos propios previstos na Lei da paisaxe. Xa se ten avanzado neste eido, coa elaboración de:

- Mapa das grandes áreas paisaxísticas de Galicia
- Catálogo da comarca do Deza
- Guía de estudos de impacto e integración paisaxística
- Guía metodolóxica de boas prácticas de intervencións nos núcleos rurais
- Programa de divulgación e sensibilización: 12 meses 12 paisaxes

Patrimonio natural e cultural

Un dos principais activos para o desenvolvemento futuro de Galicia é o patrimonio natural e cultural. A calidade, variedade e posibilidades de uso convérteno nun elemento diferencial do espazo rexional. Neste esforzo enmárcanse os seguintes documentos aprobados, co impulso da Dirección Xeral de Conservación da Natureza:

- Lei de caza
- Plan de conservación para os espazos naturais: ENIL Louro- Ruxidoira e ENIL Xunqueira de Alba, ENIL O Puzo do Lago.
- Plans de xestión dos recursos piscícolas do rego de Moreda-Taboada.
- Declaración como Monumento natural do pregamento xeolóxico de Campodola-Leixazós.
- Plans de recuperación do sapoconcho común e da escribenta das canaveiras e Plan de conservación da pílara das dunas.

Desde a Xunta estase elaborando o inventario de bens do patrimonio cultural de Galicia, xunto coas actuacións de rehabilitación, restauración e conservación ou os convenios para a preservación do patrimonio cultural.

Metabolismo urbano e eficiencia ambiental

O metabolismo urbano refírese ao ciclo completo de materiais, recursos, enerxía e residuos que entran e saen dunha estrutura funcional urbana. Faise necesario un cambio de modelo baseado na xestión eficiente dos fluxos metabólicos. Neste esforzo enmárcanse os seguintes documentos aprobados no marco das DOT:

- Plan de xestión de residuos urbanos 2010-2020
- Plan hidrolóxico Galicia-Costa
- Plan de seca da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa
- Programa de xestión de residuos da construción e demolición de Galicia 2013-2016.
- Programa de prevención de residuos industriais de Galicia 2013–2016
- Proxecto ríos



A XUNTA PORÁ EN MARCHA UNHA PLATAFORMA DE CONTIDOS DIXITAIS QUE BENEFICIARÁ 22.500 ALUMNOS EN TRES ANOS E PERMITIRÁ UN AFORRO DE 4,5 MILLÓNS DE EUROS

- ***A iniciativa, enmarcada no Proxecto Abalar, arrincará no curso 2014/2015 incorporando a 2.500 alumnos de 5º de primaria***
- ***Permitirá o acceso sen conectividade e de xeito gratuíto á contidos curriculares completos***
- ***Facilitará tamén a interconexión cos produtores de contidos de pago***
- ***Contará cun investimento de 3,6 millóns de euros ata 2017, achegados pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria***

No vindeiro curso 2014/2015 a Xunta porá en marcha unha plataforma de contidos curriculares dixitais completos, gratuítos para as familias e accesibles sen necesidade de conectividade. A iniciativa, que forma parte do Proxecto Abalar, prevé alcanzar en tres anos a 22.500 alumnos de 5º e 6º de primaria e 1º e 2º da ESO; e suporá un aforro total de 4,5 millóns de euros

A plataforma de aprendizaxe virtual contará cun investimento de 3,6 millóns de euros, dos cales 2,6 serán achegados pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e o millón de euros restante pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O acceso aos contidos dixitais suporá un investimento medio por alumno e ano de 90 euros e un aforro de gasto á Administración de 2 millóns de euros.

Na plataforma de aprendizaxe virtual, os alumnos poderán acceder tanto de xeito online como off line a contidos curriculares completos e gratuítos para as familias facilitados pola Xunta como a aqueles elaborados polos propios docentes dos centros educativos. Ademais, esta nova ferramenta facilitará o acceso aos contidos de pago de empresas editoras gazas á conexión co Punto Neutro do Ministerio de Educación.

O proxecto arrancará o vindeiro curso 2014/2015 incorporando a 2.500 alumnos de 5º de primaria e 1º da ESO. No curso 2015/16 a previsión é que a plataforma estea dispoñible en 5ª e 6ª de primaria e 1º de ESO cun alcance de 7.500 alumnos e que no terceiro ano do proxecto, no curso 2016/2017 sexa empregado por 12.500 alumnos de 5º e 6º de Primaria e 1º e 2º de ESO. Así, en 3 anos o proxecto chegará a un total de 22.500 estudantes.

Nos vindeiros días publicarase a convocatoria para a selección de centros que participarán na iniciativa. No procedemento de selección da primeira convocatoria poderán participar os centros educativos adscritos á rede Abalar que impartan no curso



2014/2015 ensinanzas de 5º de Educación Primaria; e que cumpran requerimentos como contar cunha conexión de datos cunha velocidade nominal mínima de baixada - que variará segundo o número de aulas vinculadas ao proxecto, dos 2 Mbps aos 10 Mbps-, presentar un proxecto para a implantación do libro dixital ou propoñer unha persoa coordinadora do proxecto.

Proxecto Abalar

A entrada en funcionamento da plataforma de aprendizaxe virtual é un paso máis no desenvolvemento do Proxecto Abalar, que se iniciaba no curso 2010/2011 en 297 centros co obxectivo de transformar as aulas tradicionais en dixitais e mellorar a calidade do sistema educativo galego grazas a integración das TIC e coa implicación de toda a comunidade educativa.

Neste curso 2013/2014 Abalar está operativo en 2.296 aulas de 531 centros e beneficiará a 50.000 alumnos de 5º e 6º de Primaria e 1º e 2º da ESO.

Máis de 1.000 actividades de formación

A evolución do Proxecto Abalar nos tres últimos anos reflíctese non só no número de aulas e alumnos beneficiados senón nas actividades e iniciativas que se desenvolveron para os restante integrantes da comunidade educativa: profesores, pais e nais.

O Plan de formación do profesorado impartiu realizou ao redor de 1.100 actividades, presenciais e a distancia, das que se beneficiaron máis de 22.000 docentes. A iniciativa "Navega con Rumbo" para concienciar sobre os bos hábitos de uso na rede a profesores, pais, nais e alumnos chegou a máis de 650 centros e preto de 40.000 persoas.

Máis de 2.000 recursos no repositorio Abalar

Outro dos eixos fundamentais do proxecto é o Repositorio de contidos dixitais do espazo Abalar, que se está a consolidar como o punto de encontro da comunidade educativa na rede, xa que desde que comezara a funcionar, en novembro de 2010, os usuarios do portal espazoAbalar teñen realizado 2,6 millóns de descargas.

EspazoAbalar conta con 2.056 recursos educativos dixitais complementarios, dispoñibles en sete idiomas, para educación infantil, primaria, secundaria, bacharelato e ciclos formativos.

abalarMóbil

Unha das últimas iniciativas do Proxecto Abalar foi a posta en marcha da aplicación abalarMóbil, que permite ás familias seguir a actividade educativa dos seus fillos dende calquera lugar, dunha forma rápida e cómoda a través dos seus dispositivos móbiles. AbalarMobil traslada ás tabletas e aos smartphones os servizos que as familias teñen no



espazoAbalar e simplifica o acceso a estas funcionalidades, xa que o único requirimento é dispoñer dun dispositivo móbil con conexión de datos, descargar a aplicación e rexistrarse nela. AbalarMóbil está operativo 800 familias de 13 centros educativos e estase a implantar de xeito progresivo ao resto dos centros educativos ata beneficiar a preto de 400.000 familias galegas.

Estas medias están acompañadas dunha mellora na infraestruturas de telecomunicación, que permita aos centros adaptarse ás novas necesidades do contexto dixital. Así a día de hoxe 235 centros educativos e institutos contan con velocidades de 100 megas de conexión. a internet.



PRETO DE 250 FAMILIAS BENEFICIARANSE DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ PARA MENORES CON DISCAPACIDADE FINANCIADO POLA XUNTA

- ***O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao convenio de colaboración por un importe de 225.000 euros entre a Administración autonómica e a Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT)***
- ***AGAT dispón de dúas unidades de apoio psicosocial a nenos e nenas en idade infantil nas comarcas de Deza e O Salnés e abrirá este ano unha nova na provincia da Coruña***
- ***Para o desenvolvemento das actuacións nas distintas fases, cada unha das unidades conta con dous profesionais especialistas en desenvolvemento infantil e atención temperá, un logopeda e un auxiliar administrativo***
- ***Ambas as dúas unidades contan coa supervisión dun coordinador especialista en desenvolvemento infantil e atención temperá***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT) por un importe de 225.000 euros, un 12,5% máis que en 2013. O obxectivo é financiar o servizo de atención aos nenos e nenas de 0 a 16 anos que padecen algún tipo de discapacidade.

A finalidade deste convenio é contribuír ao financiamento das dúas unidades (localizadas nas comarcas de Deza e do Salnés) destinadas a apoio psicosocial dos nenos e nenas con déficits que xeran alteracións discapacitantes ou con risco de padecerlas. Tamén prestan apoio ás súas familias e ofrecen especial atención aos casos dos máis cativos. Ademais, este ano abrírase un novo centro na provincia da Coruña.

O traballo destas unidades pasa por avaliar dun xeito global os problemas de desenvolvemento derivados das situacións de discapacidade ou de alteracións no desenvolvemento infantil, a través dun enfoque interdisciplinario de prevención da dependencia e de promoción da autonomía persoal. En definitiva, trátase de xerar actitudes de incorporación social no conxunto da familia e fomentar a participación na vida cotiá.

Este servizo, que comezou en 2009, atendeu ao longo do exercicio pasado 250 familias, unha cifra que se prevé manter en 2014 nestes dous centros, e á cal haberá que engadir os beneficiarios do novo na provincia da Coruña.

Para o desenvolvemento das actuacións nas distintas fases (acollida, diagnóstica, orientación, coordinación, sesións de apoio ou traballo en grupo de familias), cada unha das unidades está composta por dous profesionais especialistas en desenvolvemento infantil e atención temperá, un logopeda e un auxiliar administrativo. Ambas as dúas



unidades contan coa supervisión dun coordinador especialista en desenvolvemento infantil e atención temperá.



Comunicación da Xunta de Galicia
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: comunicacion@xunta.es



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

O PLAN DE RACIONALIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PARALELA DA XUNTA SUPRIMIU 65 ENTES E AFORROU MÁIS DE 50 MILLÓNS DE EUROS

- *Corenta e seis foron resultado da primeira fase do Plan e dezoito da segunda*
- *O último, a Fundación Illa San Simón, está incluído na III fase pero adiantouse por ser un mandato normativo do decreto de estrutura orgánica da Xunta de Galicia*
- *O Goberno galego está a facer especial fincapé na optimización e mellora dos organismos que se manteñen, e xa foron implantadas 422 melloras específicas*

O Consello da Xunta de hoxe informou do grao de execución do Plan de racionalización da Administración paralela, que en breve iniciará a súa terceira fase -actualmente con traballos de auditoría- e que ata o momento leva suprimidos un total de 65 organismos públicos, ben sexa pola vía da extinción, separación ou refundición.

Segundo se recolle do informe presentado esta mañá, dos 65 entes suprimidos, 46 foron resultado da primeira fase do Plan de racionalización e os outros 18 extinguíronse ao abeiro da segunda fase. Ademais, destaca que hai un ente, a Fundación Illa San Simón, que malia estar incluída na terceira fase do proceso racionalizador, xa foi extinguida ao tratarse dun mandato normativo incluído no decreto de estrutura orgánica da Xunta. Con esta operación, o Executivo galego avanza no seu cometido de axilizar o máximo posible as actuacións de reordenación e simplificación.

No marco da primeira fase de actuacións, xa foron suprimidos a Fundación Milenio, a Fundación Galega para a Prevención de Riscos Laborais, a Fundación Galicia Emigración, a Fundación Centro Superior Cinexético e Piscícola, a Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento, a Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, a Fundación Centro Tecnolóxico Lácteo de Galicia (Cetil), o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, a Axencia Humanitaria de Galicia, ACEOUSA (Sociedade Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, S.A.) e as 34 fundacións para o desenvolvemento comarcal. A isto engádesse a separación da Xunta de Sogaserso e a refundición do Bantegal, cuxas funcións xa están sendo asumidas por Agader.

Os organismos extinguidos na segunda fase do Plan de racionalización son o Instituto Galego de Cooperación Iberoamericana (Igaci); o Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia (Ceei Galicia); a Fundación Centro Galego do Plástico; o Consorcio Audiovisual de Galicia; o Consorcio Galicia 2005 Volta ao mundo a vela; a Fundación Centro Tecnolóxico Téxtil; a Fundación Mar de Galicia; o Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga); o Consorcio Instituto de Estudos Turísticos; a Sociedade de Imaxe e Producción Turística S.A. (Turgalicia); os Xestur da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra e os consorcios comarcais de bombeiros do Morrazo, O Salnés e O Baixo Miño, O Condado e A Louriña.



Máis alá da extinción destes organismos, o Goberno galego está a facer especial fincapé na optimización e mellora dos organismos que se manteñen, polo que xa foron implantadas 422 melloras específicas tanto no primeiro como no segundo plan. Estas recomendacións inciden en ámbitos como o control financeiro, a reordenación de espazos, a diversificación de actividades, a distribución de recursos materiais e humanos ou a orientación estratéxica.

Como resultado de todas estas medidas de racionalización da administración instrumental autonómica, hoxe en día o Goberno autonómico ten acadado un aforro para as arcas públicas galegas que superan os 50 millóns de euros.

Galicia, á cabeza da racionalización

A racionalización da Administración paralela iniciouse en 2009 como un proceso de supervisión e mellora continua que situou a Galicia na cabeza dos esforzos autonómicos nesta materia. Na actualidade estase inmerso na terceira fase do Plan e están a piques de rematar as auditorías do novo grupo de máis de 30 entidades que faltaban por avaliar.

Co inicio desta última fase, Galicia convértese na primeira Administración pública en revisar e someter a axuste todos os seus entes instrumentais -160 en total, a través dos plans e dalgunha operación puntual realizada fóra deles-, nun proceso pioneiro de redución, simplificación e adaptación da súa estrutura ao actual contexto económico.

Os obxectivos do Plan de racionalización dos entes dependentes da Xunta son evitar as duplicidades que se tiñan detectado, gañar en eficacia e en transparencia, adelgazar a Administración paralela e que non sexan organismos instrumentais os que presten servizos e actividades que poden prestar de igual ou mellor maneira as consellerías de que dependen, e a un menor custo.



O SERGAS REVISOU A MEDICACIÓN DE MÁIS DE 20.000 PERSOAS CO PROGRAMA DE POLIMEDICADOS

- ***Grazas ao programa de mellora da calidade na atención a pacientes crónicos e polimedicados, revisouse a medicación de 20.319 persoas ata decembro de 2013 e melloráronse a súa seguridade e os niveis de saúde***
- ***O Sergas reduciu nun 47% o número de pacientes con máis de 15 medicamentos prescritos de maneira crónica.***
- ***Estes pacientes son principalmente mulleres e persoas maiores de 70 anos, entre os cales destacan 995 doentes con máis de 91 anos***

A conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera, presentou hoxe ao Consello da Xunta os resultados da aplicación do Programa de mellora da calidade na atención a pacientes crónicos e polimedicados, co que o Servizo Galego de Saúde conseguiu reducir nun 47% o número de doentes con máis de 15 medicamentos prescritos de maneira crónica na historia clínica electrónica (IANUS) en decembro de 2013.

Enténdese por paciente polimedicado o que consome máis de 6 medicamentos durante máis de seis meses. Existe un claro consenso verbo da probabilidade de que aparezan problemas relacionados coa medicación aumenta significativamente co número de medicamentos prescritos.

O Sergas iniciou en abril de 2011 o desenvolvemento dun programa específico orientado a mellorar a saúde e a calidade de vida dos pacientes maiores polimedicados. Dado que o número de pacientes con 6 ou máis medicamentos era inabordable, decidiuse empezar incluíndo no programa os que consumían máis de 15 medicamentos.

Neste programa, o farmacéutico de atención primaria, logo de facer unha revisión do tratamento farmacoterapéutico do paciente, emite un informe detallado en termos de eficacia, seguridade e eficiencia, e formula unha proposta de intervención ao médico de atención primaria co obxectivo de resolver posibles problemas relacionados coa medicación. Os profesionais de enfermaría teñen, pola súa vez, un papel fundamental ao realizaren posteriormente unha entrevista co paciente ou coidador de cara á mellora da adherencia ao tratamento e do coñecemento do paciente sobre a súa enfermidade e medicación, así como a detección de reaccións adversas e o seguimento posterior.

O Servizo Galego de Saúde puxo en marcha a primeira fase deste programa no mes de abril de 2011 de maneira piloto en 11 centros de saúde, co obxectivo de mellorar a calidade, a seguridade asistencial e a prestación farmacéutica aos pacientes crónicos e polimedicados mediante o asesoramento sobre o uso de fármacos, educación sanitaria e a adecuada colaboración entre os profesionais sanitarios. A partir de novembro de 2011

realizouse unha progresiva extensión do programa ata que no mes de xuño de 2013 se alcanzou a implantación no 100% dos servizos de Atención Primaria.

Actividades formativas

Con este programa, o Sergas iniciou de xeito paralelo actividades formativas co obxectivo de que os profesionais sanitarios comprendan a importancia da polimedicación como elemento que inflúe na saúde dos pacientes e, así mesmo, facilitarlles ferramentas que melloren os seus coñecementos e habilidades na atención ao paciente maior polimedicado.

Resultados

En decembro de 2012 a cobertura do programa incluía o 79% da poboación galega con máis de 15 medicamentos prescritos de forma crónica, polo que o Sergas procedeu a rebaixar o limiar da poboación diana aos pacientes que tiñan prescritos máis de 12 medicamentos de maneira crónica durante 2013.

O 31 de decembro de 2013 estaban a seguimento un total de 20.319 pacientes (1.284 pacientes máis que en decembro de 2012), o 88% da cidadanía galega con máis de 12 medicamentos prescritos de maneira crónica. Destes pacientes, o 60% son mulleres, o 67% teñen máis de 70 anos e destacan 995 persoas con máis de 91 anos.

En 31 de decembro de 2013 o número de pacientes con máis de 15 medicamentos prescritos era un 47% menor que ao inicio do programa.

En consecuencia, con esta medida posta en marcha pola Administración sanitaria galega, auméntanse a seguridade e os niveis de saúde dos pacientes. Así, os usuarios vense beneficiados ao detectarse e resolverse problemas relacionados co uso dos medicamentos. Ademais, mellora o cumprimento terapéutico dos pacientes crónicos polimedcados e o coñecemento dos cidadáns respecto do uso e das indicacións dos medicamentos.

En 2014, o Servizo Galego de Saúde continuará coa implantación do programa cos pacientes que toman máis de 11 medicamentos de maneira crónica. Así, a medida que vai avanzando o programa iranse revisando pacientes con menor número de medicamentos ata acadar a cifra de seis medicamentos.